CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

# B A N D O

Este ano, para facer as **FOGUEIRAS TRADICIONAIS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO** os días 23 e 28 de xuño de 2021, deberá presentarse no concello de Laxe **DECLARACIÓN RESPONSABLE**.

**NON SE PODERÁN REALIZAR CACHELAS EN ZONA DE DOMINIO PÚBLICO.**

En todo caso, para a súa celebración, deberán terse en conta e adoptarse todas as **MEDIDAS DE SEGURIDADE E DE PREVENCIÓN DA COVID-19** que se encontren en vigor na data de celebración da cachela, **especialmente no relativo ó número de non convivintes que poidan estar reunidos** (a día de hoxe, 10 persoas como máximo)

Así mesmo, conforme as directrices ditadas polo **Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais** da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, deberán observarse igualmente as normas de seguridade para que non se produzan posibles incendios que afecten a masas forestais. Consonte co anterior, só se concederán autorizacións de queima para os efectos típicos ou tradicionais das "cachelas" os días 23 e 28 de xuño de 2021 e de acordo coas seguintes particularidades e en concordancia co Decreto 105/2006, do 22 de xuño de 2006, da Consellería do Medio Rural:

1.- As cachelas deberán efectuarse en zonas afastadas das masas forestais.
2.- Os interesados tomarán as medidas de seguridade para evitar a propagación do lume.
3.- De producirse danos a terceiros, responderán dos mesmos os interesados-promotores das cacharelas.
4.- Deixarán completamente limpos de residuos ou materiais as zonas ou lugares onde se fagan as fogueiras.

**O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES É ATA O 21 DE XUÑO DE 2021 (inclusive)**

A presentación da declaración responsable poderá facerse:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 07/06/2021 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: fjUXqapV0DH0PPo2EAR8
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- Telemáticamente: sede electrónica do concello (https://sede.laxe.es/opencms/gl/) a través de "*solicitude xeral*" e **achegando en todo caso o modelo de declaración responsable** publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

- Presencialmente: nas oficinas do concello en horario de 9:00 a 13:30 hs.

Obrigatorio achegar:

- DNI do solicitante
- Identificación precisa do lugar no que se vai a instalar a cachela (con polígono e parcela ou lugar e nº de vivenda, etc)
- Número de teléfono de contacto

O Alcalde. Asdo: José Luís Pérez Añón.
*Documento asinado dixitalmente.*

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 07/06/2021 14:01:00)
Versión imprimible
CVD: fjUXqapV0DH0PPo2EAR8
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.